

**ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN (FUNCIONARIO DE CARREIRA).**

**SESIÓN DO 15/04/2024**

**Asistentes:**

Presidenta:

María López Docampo

Vogais:

Marta Oviedo Creo

Faustino Villamor Iglesias

Severino Abalo Chouza

Secretaria:

María Mariño Poza

No concello de Boiro, sendo as 09:00 horas do 15/04/2024, reúnense os membros do tribunal designado para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a de contratación (funcionario/a de carreira) polo sistema selectivo de concurso-oposición libre correspondente á Oferta de Emprego Público do Concello de Boiro do ano 2023.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 235 de data de 12 de decembro de 2023, no Diario Oficial de Galicia, na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. O 20/12/2023 publicouse anuncio de dita convocatoria no Boletín Oficial do Estado nº 303.

O obxecto desta sesión é a resolución ás alegacións presentadas ao primeiro exercicio e a convocatoria para a realización do segundo exercicio da fase de oposición.

**1.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS**

Consta a presentación dun escrito de alegacións por parte dunha opositora en data de 05/04/2024 (RE 4243) en relación ás seguintes preguntas:

**1.1.- Solicita a anulación da pregunta 58:**

58. Segundo o artigo 182 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberán incorporarse obligatoriamente aos créditos definitivos do orzamento de gastos do exercicio inmediatamente seguinte:

- a) os créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así coma as transferencias de crédito, que se concederan ou autorizaran, respectivamente, no último trimestre do exercicio.
- b) Os créditos que amparen compromisos de gasto debidamente adquiridos.
- c) Os créditos por operacións de capital
- d) Os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados.

O tribunal acorda, por unanimidade, desestimar a alegación presentada a esta pregunta, debido



a que da lectura do artigo 182 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o único suposto no que a incorporación pode ser obligatoria é o sinalado coa letra d) do test (enumerado no apartado 3 do artigo de referencia); o resto se corresponden cos supostos de incorporación voluntaria, recollidos no apartado 1 do artigo de referencia.

**1.2.- Solicita a anulación da pregunta 59 amparándose no artigo 38 da Lei 47/2023 de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria e o artigo 54 do DLex 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime financeiro e Orzamentario de Galicia:**

59. Sinala cal é a resposta máis correcta sobre a prorroga dos orzamentos locais:

- a) O orzamento prorrogado é o orzamento inicial anterior cos correspondentes axustes que, no seu caso, se aproben.**
- b) O orzamento prorrogado non poderá ser obxecto das modificacións previstas na Lei.**
- c) O orzamento definitivo aprobarase con efectos do 1 de xaneiro e as modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado entenderanse feitas sobre o orzamento definitivo, e calquera caso.**
- d) Se ao iniciarse o exercicio económico non estivera aprobado o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior ata o límite global dos seus créditos iniciais.**

O tribunal acorda, por unanimidade, desestimar a alegación presentada a esta pregunta, debido a que a resposta a) é a única correcta. A candidata alega normativa que non resulta de aplicación ao caso concreto, referido aos orzamentos locais.

**1.3.- Solicita a anulación da pregunta 60 amparándose no artigo 64.2 do DLex 1/1999 e no artigo 7.3 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2024.**

60. Sinala que afirmación sobre a ampliación de créditos é correcta:

- a) A ampliación de crédito é a modificación á alza do orzamento de gastos.**
- b) As aplicacións ampliables deberán estar expresa e taxativamente relacionadas nas bases de execución orzamentaria.**
- c) As transferencias de crédito non poderán afectar a créditos ampliables.**
- d) Todas as respostas son igualmente correctas.**

O tribunal acorda, por unanimidade, desestimar a alegación presentada a esta pregunta, debido a que a candidata alega normativa que non resulta de aplicación ao caso concreto; débese tomar coma referencia o Real decreto 500/90, de 20 de abril, de desenvolvemento da lei de facendas locais (artigo 39).

**1.4.- Solicita cambio da resposta correcta da pregunta 62 amparándose nos artigos 53 e 73.2 do DLex 1/1999 e no artigo 7.3, da opción b) que o tribunal da coma correcta para a opción a).**

62. A operación contable D realizarase no momento no que:

- a) Se realice a adxudicación do contrato.**
- b) Se formalice o contrato.**
- c) Se aprobe o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescripcións técnicas.**
- d) Se aprobe o expediente de contratación.**

O tribunal acorda, por unanimidade, desestimar a alegación presentada a esta pregunta, debido



a que a candidata alega normativa autonómica que non resulta de aplicación ao caso concreto.

**1.5.- Solicita a anulación da pregunta 81 amparándose na definición das palabras de residente e habitantes da RAE, polo que considera que habitante e residente son sinónimos e que, polo tanto ámbolos termos son válidos.**

81. Segundo o artigo 29 LBRL, os Alcaldes das corporacións poderán convocar aos seus veciños a Concello Aberto para as decisións de especial transcendencia, en municipios de:

- a) Menos de 250 habitantes.
- b) **Menos de 100 residentes**
- c) Menos de 100 habitantes
- d) Menos de 250 residentes.

Transcripción do artigo 29 da LBRL:

*"1. Funcionan en Concejo Abierto:*

*a) Los municipios que tradicional y voluntariamente cuenten con ese singular régimen de gobierno y administración.*

*b) Aquellos otros en los que por su localización geográfica, la mejor gestión de los intereses municipales u otras circunstancias lo hagan aconsejable.*

*2. La constitución en concejo abierto de los municipios a que se refiere el apartado b) del número anterior, requiere petición de la mayoría de los vecinos, decisión favorable por mayoría de dos tercios de los miembros del Ayuntamiento y aprobación por la Comunidad Autónoma.*

*3. En el régimen de Concejo Abierto, el gobierno y la administración municipales corresponden a un Alcalde y una asamblea vecinal de la que forman parte todos los electores. Ajustan su funcionamiento a los usos, costumbres y tradiciones locales y, en su defecto, a lo establecido en esta Ley y las leyes de las Comunidades Autónomas sobre régimen local.*

*4. No obstante lo anterior, **los alcaldes de las corporaciones de municipios de menos de 100 residentes podrán convocar a sus vecinos a Concejo Abierto** para decisiones de especial trascendencia para el municipio. Si así lo hicieren deberán someterse obligatoriamente al criterio de la Asamblea vecinal constituida al efecto.*

*Los municipios que con anterioridad venían obligados por Ley en función del número de residentes a funcionar en Concejo Abierto, podrán continuar con ese régimen especial de gobierno y administración si tras la sesión constitutiva de la Corporación, convocada la Asamblea Vecinal, así lo acordaran por unanimidad los tres miembros electos y la mayoría de los vecinos."*

O tribunal acorda, por unanimidade, desestimar a alegación presentada a esta pregunta, debido a que o enunciado pregunta sobra a literalidade do artigo 29 LBRL, o que non deixa lugar a outra resposta que non sexa a opción b).

**2.- CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN:**

O tribunal acorda, por unanimidade, convocar a tódalas persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio para o vindeiro **martes 07/05/2024 ás 09:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Boiro** (Praza de Galicia s/n 15930 Boiro) para a realización do segundo exercicio da fase de oposición.

**TEXTO LEGAIS QUE SE PODEN CONSULTAR NO EXERCICIO PRÁCTICO:**



Poderán terse sobre a mesa de exame copias de normativa de boletíns oficiais. Non se permitirá o uso dos textos legais daquelas editoriais nas que os comentarios aos mesmos sexan eminentemente superiores ao propio articulado da norma.

Os textos legais non poden conter ningún tipo de anotación realizada pola persoa aspirante mediante bolígrafo, lapis, en definitiva, o código non pode estar manipulado (permítese unicamente que os textos legais estean subliñados).

Non se consideran textos legais: manuais, sentenzas ou mementos.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 10:15 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

#### DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María López Docampo  
Marta Oviedo Creo  
Faustino Villamor Iglesias  
Severino Abalo Chouza  
María Mariño Poza

